

Abellá – Frades, 1985

Informante: Filomena Rodríguez Suárez

Compilador: Baldomero Iglesias

Transcripción: Sergio de la Ossa (2012-10-14)

1. Unha vella dixo a outra
polo pexigho da porta
ti ghoberna a túa vida
qu'a miña nada che importa.
2. O carballo da Portela
abanea mais non cai-e
así fai a boa nena
que se ghía por seu pai-e.
3. O carballo da Portela
ten a folla revirada
que lla revirou o aire
unha noite de xiada.
4. Eu, cantar, ben che cantaba
a ghracia non era moita
quedoume no lavadoiro
cando fun lava-la roupa.
5. [Ai, men]iña, dóncche os ollos
tamén me doen os meus-e
vainos lavar, queridiño
donde a troita lava os seus-e.
6. O muíño da carballa
bota fariña en roda
a filla do muiñeiro
saca un andar que namora.
7. Bótoche unha, bótoche outra
bótoche unha, bótoche outra
inda che hei de botar unha
que che ha de queima-la roupa.

